MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DAS OBRAS DE REFORMA DAS INSTALACIÓNS HÍPICAS EXTERIORES NO RECINTO FEIRAL INTERNACIONAL DE GALICIA EN SILLEDA

I. Departamento que tramita a addenda

Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva en materia de promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no Decreto 136/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101, do 27 de maio), polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

II. Antecedentes

A Fundación Semana Verde de Galicia (en adiante fundación) constituída como fundación de interese xeral galego e sen ánimo de lucro, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, consonte a Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego. Atópase inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, co número 1991-5, na sección da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes). Foi clasificada como benéfico-privada mediante Orde da Consellería de Presidencia e Administración Pública de 9 de xullo de 1991 (DOG número 138, do 19 de xullo de 1991) e declarada de interese galego mediante Orde da mesma consellería de 10 de xullo de 1991 (DOG número 140, do 23 de xullo de 1991)

A fundación conta con instalacións hípicas na zona de gandería do Recinto feiral internacional de Galicia, en Silleda, en concreto dispón dun ring principal que ten unha superficie útil de 8.500 m^2, cun aforo máximo de 34.000 persoas, e cunha grada que permite acoller a 1.500 persoas baixo unha superficie cuberta e outras 800 o aire libre, contando con herba natural; unha pista de quencemento (ring anexo) cunha superficie de area de 4.100 m; e unha zona de cortes que dispón de 92 boxes sobre unha superficie bruta de 1.586 m^2 cun aforo máximo de 2.620 persoas.

Secretaría Xeral Técnica
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
Complexo Administrativo San Caetano, edif. 5, 3ª planta

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 5KrFxl3Kgdm1 https://sede.xunta.gal/cve

Con data 8 de maio de 2026, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, asinou coa fundación un convenio para o financiamento dos gastos derivados das obras de reforma das citadas instalacións hípicas.

A intervención prevista no convenio contempla a creación dunha pista de última xeración composta por area de microsílice e fibras xeotextiles, equipada cun sistema de rego e drenaxe interno, o que permitirá o seu uso continuado durante todo o ano, incluso en condición climáticas adversas.

Para isto, incorporaríase un sistema de rego interior que aporta ao chan agarre, elasticidade e, en consecuencia, confortabilidade para o cabalo. Conséguese coa mestura de diferentes fibras con area moi específicas de micro sílice. Así mesmo, a gran vantaxe do rego interior fronte ao aéreo reside en que non hai perda de auga por vento -reducindo o consumo de auga-, e garante a homoxeneidade da humidade en toda a pista, de modo que a pisada do cabalo será a mesma en toda a superficie, obtendo o mesmo rebote, e a mesma amortiguación. A grandes rasgos, a intervención contemplaría:

- Escavación dá pista e de zanxas para canalización de tubaxes.
- Colocación de lona illante.
- Instalación de tubaxes con boias e electroválvulas.
- Achega de capas de area de drenaxe e nivelación por láser.
- Aplicación de capa final de area de microsílice e mestura con fibra.
- Posta en marcha do sistema integral de rega e drenaxe.

O proxecto técnico que servía de base á actuación foi asinado con data 14 de xaneiro de 2026, elaborándose o seu orzamento conforme aos prezos unitarios vixentes durante o exercicio 2025, o cal ascendía á cantidade de **SEISCENTOS CORENTA E CATRO MIL CENTO VINTE EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (644.120,04€).**

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaria Xeral Técnica, se comprometía a achegar a cantidade de **CINCOCENTOS CINCUENTA MIL EUROS (550.000 €)**, IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria **05.01.121A.781.0** (código de proxecto 2015 00121 Convenios con entidades sen ánimo de lucro) Esta cantidade representaba o 85% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

Pola súa banda a Fundación Semana Verde de Galicia se comprometía a achegar a cantidade de **NOVENTA E CATRO MIL CENTO VINTE EUROS, CON CATRO CÉNTIMOS** (94.120,04€), que se imputaría con cargo á partida correspondente do seu orzamento de gastos para o exercicio 2026.

En execución do convenio, a fundación iniciou os trámites necesarios para a contratación das obras mediante a correspondente licitación pública, de conformidade cos principios de publicidade, concorrencia e eficiencia na utilización dos fondos públicos. Porén, unha vez transcorrido o prazo de presentación de ofertas, non se

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 5KrFxl3Kgdm1 https://sede.xunta.gal/cve

presentou ningunha empresa licitadora, polo que o procedemento foi declarado deserto.

III. Fundamento da addenda

Tal en como se indica no apartado anterior, o proxecto técnico que servía de base á actuación obxecto do convenio foi asinado con data 14 de xaneiro de 2026, elaborándose o seu orzamento conforme aos prezos unitarios vixentes durante o exercicio 2025, o cal ascendía á cantidade de 644.120,04€, IVE incluido.

Entre a redacción do proxecto técnico e a licitación das obras produciuse un desfase temporal durante o cal os custos da construción continuaron experimentando unha evolución significativa.

A falta absoluta de concorrencia de empresas licitadoras constitúe un feito obxectivo que evidencia que o orzamento inicialmente previsto non se axustaba ás condicións económicas existentes no mercado no momento da licitación, impedindo a efectiva participación de empresas interesadas e facendo inviable a contratación das obras nos termos inicialmente previstos.

O incremento do prezo dos materiais, dos custos da man de obra, da enerxía, do transporte e doutros elementos que integran os custos de execución da obra determinou que os prezos empregados na elaboración do proxecto deixasen de reflectir os valores reais do mercado no momento de promover a contratación.

Esta realidade quedou corroborada polo resultado da propia licitación, xa que a inexistencia de ofertas evidencia que os prezos de licitación non permitían executar as obras en condicións economicamente viables para os operadores do sector. En consecuencia, a declaración de deserto do procedemento constitúe un indicador obxectivo da necesidade de revisar o orzamento inicialmente previsto.

Á vista destas circunstancias sobrevidas, alleas á vontade das partes asinantes do convenio e imposibles de prever no momento da súa formalización, considerouse imprescindible proceder á actualización do orzamento do proxecto técnico, adaptando os prezos das distintas unidades de obra ás condicións reais do mercado no momento de promover unha nova licitación.

Por parte da fundación preséntase un novo proxecto técnico, asinado por Francisco Javier Carballo Pérez Arquitectos SLP con data 06/07/2026, onde se efectúa a actualización do orzamento total das obras, o cal experimenta un incremento do 30 %. Isto supón un aumento de 193.236,96€, pasando o importe total da actuación de 644.120,04€ a 837.357€.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 5KrFxl3Kgdm1 https://sede.xunta.gal/cve

Este incremento económico non deriva da modificación do obxecto do convenio nin da incorporación de novas actuacións, unidades de obra, melloras ou prestacións inicialmente non previstas, senón exclusivamente da actualización dos prezos das unidades de obra xa contempladas no proxecto técnico, mantendo inalterados tanto o seu contido técnico como a finalidade pública da actuación.

En consecuencia cos feitos descritos (procedemento de contratación deserto e novo proxecto técnico co orzamento actualizado), é necesario iniciar un novo procedemento de licitación pública.

Dado que o dito procedemento de licitación esixe o cumprimento duns prazos legais improrrogables, o inicio das obras postergase, resultando técnica e economicamente inviable a súa execución nunha única anualidade. En consecuencia, resultaría necesaria unha reconfiguración tanto do calendario de execución inicial como da correspondente distribución plurianual das achegas das partes.

Os representantes da Fundación Semana Verde, chegaron un cronograma de execución das obras no que se prevé para a anualidade 2026 unha execución de actuacións por importe de 43.000,00 € e na anualidade 2027 por importe de 794.357,00 €.

A tramitación da presente addenda, que se considera plenamente xustificada, responde aos principios de eficacia, eficiencia, boa administración e adecuada utilización dos recursos públicos, xa que manter o financiamento inicialmente previsto conduciría previsiblemente á reiteración dunha nova licitación deserta, impedindo a execución das obras e frustrando a finalidade de interese público perseguida polo convenio.

Pola contra, a actualización do financiamento permite restablecer o equilibrio económico necesario para facer viable a contratación, favorece a concorrencia de operadores económicos, garante a correcta execución da actuación e asegura o cumprimento dos obxectivos de interese público que motivaron a colaboración entre ambas entidades.

No proceso de tramitación da modificación orzamentaria para dotar de fondos á addenda e, a instancia da Dirección Xeral de Orzamentos, é necesario proceder a unha nova clasificación económica do gasto. A nova aplicación orzamentaria que se propón é a 05.01.121A.743.01.

Nas datas 22 e 23 de xullo de 2026 e o 19 de agosto de 2026 reuniuse a Comisión Mixta prevista na cláusula decimo primeira do convenio ("Seguimento do convenio"), entre cuxas funcións se atopa a de estudar as posibles modificacións do convenio propostas polas partes, que se formalizarán a través das correspondentes addendas.
Á vista do exposto, a Comisión Mixta acordou propoñer a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 5KrFxl3Kgdm1 https://sede.xunta.gal/cve

Fundación Semana Verde de Galicia, para o financiamento dos gastos derivados das obras de reforma das instalacións hípicas exteriores no recinto feiral internacional de Galicia en Silleda, co fin de formalizar unha addenda de modificación das cláusulas primeira, segunda, cuarta punto un, sexta apartado tres, décimo terceira e o anexo I.

IV. Obxecto da addenda

Esta addenda ten por obxecto a modificación cláusulas primeira, segunda, cuarta punto un, sexta apartado tres, décimo terceira e o anexo I, como consecuencia da actualización do orzamento total das actuacións obxecto deste, do cambio de aplicación orzamentaria e da reconfiguración tanto do calendario de execución inicial como da correspondente distribución plurianual das achegas das partes.

O resto do clausulado do convenio de colaboración mantense inalterable.

V. Importe e aplicación orzamentaria

Como consecuencia da citada actualización, o orzamento das obras experimenta un incremento do 30 %, o que supón un aumento de 193.236,96€, pasando o importe total da actuación de 644.120,04€ a 837.357€, IVE incluido, tal e como se desagrega no seguinte cadro:

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 5KrFxl3Kgdm1 https://sede.xunta.gal/cve

Capítulo		Importe	Porcentaje
C.1 ACTUACIONES PREVIAS Y EXTERIOR PISTA			
C.1.1 ACTUACIONES PREVIAS Y DEMOLICIONES		2.581,47	
C.1.2 MOVIMIENTOS DE TIERRAS		28.301,50	
C.1.3 PERÍMETRO PISTA		65.509,00	
C.1.4 INSTALACIONES		27.230,42	
	Total C.1 ACTUACIONES PREVIAS Y EXTERIOR PISTA:	123.622,39	21,26 %
C.2 ACTUACIONES INTERIOR PISTA		439.717,77	75,61 %
C.3 GESTIÓN DE RESIDUOS		4.264,65	0,73 %
C.4 CONTROL DE CALIDAD		3.434,38	0,59 %
C.5 SEGURIDAD Y SALUD			
C.5.1 PROTECCIONES COLECTIVAS		6.469,41	
C.5.2 INSTALACIONES PROVISIONALES DE HIGIENE Y BIENESTAR		2.412,50	
C.5.3 EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL		1.429,53	
C.5.4 MEDICINA PREVENTIVA Y PRIMEROS AUXILIOS		187,67	
	Total C.5 SEGURIDAD Y SALUD:	10.499,11	1,81 %
Presupuesto de ejecución material (PEM)		**581.538,30**	
13% de gastos generales		75.599,98	
6% de beneficio industrial		34.892,30	
Presupuesto de ejecución por contrata (PEC = PEM + GG + BI)		**692.030,58**	
21% IVA		145.326,42	
Presupuesto de ejecución por contrata con IVA (PEC = PEM + GG + BI + IVA)		**837.357,00**	

Asciende el presupuesto de ejecución por contrata con IVA a la expresada cantidad de OCHOCIENTOS TREINTA Y SIETE MIL TRESCIENTOS CINCUENTA Y SIETE EUROS.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, cooperará na realización da actuación a que se refire a cláusula primeira do convenio de colaboración, mediante a achega máxima de SETECENTOS CORENTA E TRES MIL DOUSCENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (743.236,96€), IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.781.0, código de proxecto 2015 00121 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026. Este importe representa o 88,76% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio e que se achega como Anexo I.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 5KrFxl3Kgdm1 https://sede.xunta.gal/cve

Pola súa parte, a fundación achegará, con cargo aos seus créditos orzamentarios, a cantidade de NOVENTA E CATRO MIL CENTO VINTE EUROS, CON CATRO CÉNTIMOS (94.120,04€), que supón o 11,24% do orzamento total da actuación obxecto deste convenio, que se imputarán con cargo á partida correspondente do seu orzamento de gastos para o exercicio 2026.

Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes:

Anualidade 2026 .....40.000 €

Anualidade 2027 .....703.236,96 €

Fundación Semana Verde de Galicia

Anualidade 2026 .....3.000,00 €

Anualidade 2027 ..... 91.120,04 €

Como consecuencia directa do novo calendario de execución plurianual proposto, é indespensable adecuar correlativamente tanto o prazo de de vixencia do convenio (que se estendería ata o 31 de decembro de 2027) como a data de xustificación das actuacións (ata o 29 de decembro para a anualidade 2026 e 30 de xuño para a anualidade 2027)

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento da addenda para articular as actuacións de referencia, quedando a dita addenda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico
Francisco Javier Abad Pardo

Asinado por: ABAD PARDO, FRANCISCO JAVIER
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 11/11/2026 10:53:27

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 5KrFxl3Kgdm1 https://sede.xunta.gal/cve